CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE GALICIA

DITAME DO CES-GALICIA AO ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

EMENDA PARCIAL QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2022

DITAME DO CES – GALICIA AO ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

EMENDA PARCIAL QUE PRESENTA A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA.

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, discrepan do contido do Ditame aprobado pola Comisión Sectorial nº 1 do Consello Económico e Social de Galicia.

Concretamente, esta discrepancia refírese ás seguintes consideracións particulares referidas ao réxime de infraccións e sancións:

Artigo 100.- Multas coercitivas

O CES non considera que unha medida sancionadora de 3.000 euros con carácter trimestral poida ser o suficientemente disuasoria en supostos de especial gravidade.

Consideracións do grupo segundo: estamos ante unha multa de carácter trimestral, polo que a contía desta vaise incrementando ao longo do tempo para compeler ao cumprimento das actividades ordenadas pola inspección e a aplicación das medidas cautelares. E unha medida independente da sanción que corresponda pola infracción cometida e de feito regúlase fora do capítulo V (que leva por título “Sancións”).

Artigo 107.2 e) Considérase que esta infracción debería revestir a cualificación de grave tendo en conta que afecta á utilización indebida ou incorrecta de símbolos identificativos da Unión Europea xa que por si mesma é susceptible de xerar confusión entre os consumidores con independencia do feito de que non se afecten as características do produto.

Consideracións do grupo segundo: non se está de acordo con esta consideración pois a redacción do Anteproxecto refírese a que esta infracción terá a consideración de leve sempre e cando esta expresión en forma distinta non afecte a súa natureza, á identidade, á calidade, ás características, á composición, á procedencia ou á orixe do produto. Con esta última mención o grupo segundo considera que é ponderada a cualificación de leve desta infracción no texto do Anteproxecto.

Polas razóns expostas, o Grupo Segundo non comparte os aspectos relacionados e propón a súa supresión do texto do Ditame do Consello Económico e Social de Galicia ao Anteproxecto de Lei da Calidade Alimentaria de Galicia.

*****